

Celga



Certificado
Lingua
Galega

3

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-09

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre a conquista da Lúa. Tome as notas que precise.

A chegada do home á Lúa



20 de xullo de 1969

A misión espacial estadounidense *Apolo XI* aterriza na Lúa por primeira vez na historia da humanidade. Partira 109 horas antes de Cabo Kennedy en Florida. Ese día, ante millóns de telespectadores de todo o mundo, oíronse as famosas palabras:

“Un pequeno paso para un home; un gran salto para a humanidade”.

Sen dúbida ningunha, era unha época de tensións políticas, de enfrontamentos dos Estados Unidos coa URSS, de comezos da guerra fría, e quen se apuntase o tanto de chegar o primeiro pasaría á historia.

Finalmente, o *Apolo XI* conseguiu con éxito a súa misión ao aterrizar no Mar da Tranquilidade, lugar elixido para a aterraxe. O reloxo de Houston marcaba as 22.56 h.

O obxectivo da misión era conseguir pisar a Lúa e extraer mostras da superficie lunar.

A tripulación do *Apolo XI* estaba composta por Armstrong, Aldrin e Collins. Só os dous primeiros pisaron a superficie lunar.

Contrariamente ao que se pensa, as primeiras palabras que a televisión retransmitiu de Armstrong foron:

“Estou ao pé da escaleira. As patas do módulo lunar *Aguia* só deprimiron a superficie uns cantos centímetros. A superficie parece ser de gran moi fino, cando se ve de preto. É case un po fino, moi fino. Agora saio da plataforma.”

Aldrin foi o segundo home en pisar a Lúa. Tamén el tivo o seu momento de gloria ante as cámaras de televisión:

“Desde aquí apréciase un panorama belísimo. É un pouco parecido a algúns desertos dos Estados Unidos.”

A CONQUISTA DA LÚA E A FICCIÓN

A conquista da Lúa excitou con frecuencia a imaxinación popular e foi motivo para moitas historias de ficción: dende *As aventuras do barón de Münchhausen* de G. A. Burger ata *Da Terra á Lúa* de Xulio Verne ou as dúas entregas de Tintín sobre o tema, *Obxectivo: a Lúa e Aterraxe na Lúa*.

DÚBIDAS E MISTERIOS

Porque realmente parece sacado dunha película, ou aínda mellor dun cómic, as denuncias desa primeira aterraxe como unha montaxe son un tema abundante na internet, aproveitando o rexurdir do interese polo esoterismo, o misterio e os extraterrestres, se é que algunha vez deixaron de lle interesar á xente.

Nada novo saíu das misións Apolo que ofrece luz sobre os interrogantes que se estaban a formular na cosmoxía: se o universo se expandía ou se contraía, se era estático ou inestable... Os coñecementos achegados pola misión foron escasos e non alteraron ningunha teoría.

Se desde o punto de vista científico o programa espacial foi seguramente prematuro, esporeado pola competencia entre as superpotencias, desde o punto de vista estratéxico a carreira espacial foi todo un espectáculo. As imaxes da misión Apolo, dos astronautas cos seus escafandros baixando polas escaleiriñas e andando a saltiños pola superficie lunar, ou a imaxe da bandeira americana ondeando nun espazo sen aire, o poder hipnótico desas imaxes é moi superior ao interese científico que podía ter a aventura.

Porén, como bo espectáculo, hai quen di que gran parte del é mentira e artificio, e hai incluso quen nega que a chegada do home á Lúa se producise realmente.

Se apuntar toda a historia á pura invención parece esaxerado, as imaxes que quedaron dela é doado que non exclúsen unha boa

parte de montaxe. As dúbidas sobre a aventura lunar, sobre todo da primeira expedición, a de Armstrong, multiplícanse coma nun xogo de espellos: que pasa coas estrelas, coas sombras e con tantos outros detalles só explicables pola montaxe?



Despois de 1969 houbo ata seis aterraxes tripuladas máis, durante algo máis de tres anos, ata que se interromperon en 1972. Por que? Esta é outra das dúbidas sobre as que se fixeron as máis fantasiosas suposicións, sen excluír as que recorreron ás presións dos extraterrestres. Pero a realidade seguramente sexa máis prosaica: acabouse o financiamento.

Texto adaptado de:

<http://sobrehistoria.com>
<http://www.xornal.com>

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none">▪ Como se chama?▪ A que se dedica?▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda?▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Que lle gusta máis da cultura galega?▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	

2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Como foi a conquista da Lúa segundo o texto?▪ Que historias de ficción se inspiraron nela?▪ Cales son as dúbidas e os misterios que a rodean?	

3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación:</p> <p>A. "Ás veces un pequeno paso para un home pode converterse nun gran salto para a humanidade."</p> <p>B. "O esoterismo, o misterio e os extraterrestres son temas que lle interesan a moita xente."</p> <p>C. "O home fai progresos e a sociedade é cada vez máis aberta aos avances da ciencia."</p>	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

OPCIÓN A

"Ás veces un pequeno paso para un home pode converterse nun gran salto para a humanidade."

- Pensa vostede que ir á Lúa supuxo un gran paso para a humanidade? Por que?
- Está de acordo con que o poder publicitario desas imaxes foi moi superior ao interese científico?
- Hai quen di que a chegada á Lúa foi mentira, simplemente unha montaxe. Que cre vostede?
- Sabe vostede cales son os argumentos dos que afirman que foi unha montaxe? E os dos que aseguran que ocorreu de verdade?
- Recorda outros acontecementos na carreira espacial que tivesen transcendencia?
- Aínda que o ritmo diminuíu, a exploración espacial continúa avanzando. Imaxina cales serán os seguintes pasos?
- Que opina vostede do que xa se coñece como "turismo espacial"?
- E se nos referimos a pequenos pasos dados por inventores, que descubrimentos pensa que foron de especial transcendencia para a humanidade? Cales cambiaron a nosa vida?
- *(Se procede)* Existen diferenzas sobre este tema entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

"O esoterismo, o misterio e os extraterrestres son temas que lle interesan a moita xente."

- Pensa vostede que o esoterismo e o misterio están sempre presentes na nosa sociedade? Por que?
- O tarot, a xeomancia ou a astroloxía son exemplos de elementos orixinalmente esotéricos que se comercializan e que se incorporan á vida cotiá occidental para predicir o futuro. Que opina vostede diso?
- Ata as persoas máis escépticas rematan lendo o horóscopo. A que cre que se debe?
- Pensa vostede que existe vida noutros planetas? Por que?
- Cal coida que é o motivo de que tanta xente asegure que viu ovnis?
- De existir vida noutro planeta, como a imaxina vostede?
- No cine e na literatura os alieníxenas suscitaron moitas historias de ficción. Lembra vostede algunha?
- A Lúa tamén excitou a imaxinación popular e aparece en moitas ocasións en lendas ou contos. Podería describir algún?
- *(Se procede)* Existen diferenzas sobre este tema entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

“O home fai progresos e a sociedade é cada vez máis aberta aos avances da ciencia.”

- Está vostede de acordo con que cada vez vivimos nunha sociedade máis aberta á ciencia? Por que?
- Pensa vostede que a ciencia e as crenzas relixiosas son sempre incompatibles? Por que?
- Cales son os adiantos do último século que máis o sorprenden a vostede?
- Existe algún tipo de avance da ciencia co que vostede non estea de acordo?
- En que campo da investigación e innovación cre vostede que os gobernos deberían investir máis orzamento?
- Cre vostede que está ben que se invista tanto diñeiro na carreira espacial? Por que?
- Que pensa vostede de que os científicos no noso país estean mal remunerados? Que lle parece esta situación laboral?
- Coida que está xustificada a fuga de cerebros? Por que?
- *(Se procede)* Existen diferenzas sobre este tema entre Galicia e o seu lugar de orixe?